

**Os veciños e veciñas que se atopen en situación de dificultade económica poden solicitar a inclusión no Programa de Alimentos 2012 ata o 30 de xaneiro no SSC**

**O Concello de Pontecesures prevé un incremento do 33% na achega á Fundación Amigos de Galicia co obxecto de ampliar o número de familias que reciben apoio a través deste Programa.**

O Programa que se desenvolve en colaboración coa Fundación Amigos de Galicia e a Cruz Vermella ten dúas modalidades de acceso (mensual e semestral) en función dos ingresos das unidades familiares solicitantes, de xeito que se proporcione unha maior atención ás que se atopen nun maior nivel de precariedade.

Para ser beneficiario deste programa haberá que reunir os seguintes requisitos:

- Estar empadroado/a no Concello de Pontecesures.
- Ser maior de 18 anos
- Carecer de Ingresos económicos suficientes, isto é, que non superen os límites establecidos no Baremo que se establece a continuación, no trimestre anterior á presentación da solicitude:

Nº memb.	Modalidade A (Mensual)		Modalidade B (Semestral)	
	Límite Ingresos mes	Importe	Límite Ingresos mes	Importe
1	80% IPREM	426,00	75% SMI	481,05
2	100% IPREM	532,51	100% do SMI	641,40
3	120% IPREM	639,01	125% do SMI	801,75
4	140% IPREM	745,51	150% do SMI	962,10
5	160% IPREM	852,01	175% do SMI	1.122,45
6	180% IPREM	958,51	200% do SMI	1.282,80
7	200% IPREM	1.065,02	225% do SMI	1.443,15

As **Solicitudes** presentaranse acompañadas das seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Certificado de Empadramento e Certificado de Convivencia.
- Xustificantes de Ingresos de todos os membros da Unidade Familiar de convivencia, no caso de que os ingresos no sexan estables, calcularase a media sobre os obtidos no último trimestre.
- Xustificante do pago de Aluguer ou de crédito hipotecario.
- Xustificante doutros gastos fixos (saúde, ensino, necesidades desenvolvemento persoal).
- Última Declaración do IRPF ou Certificación de non tela presentado.

**Para máis información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao Servizo Social Comunitario de Pontecesures os luns, martes e venres de 9 a 13.30 horas.**